

Campacontos

As consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Traballo e Benestar, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, respectivamente, convocan **Campacontos**, un certame de historias interpretadas nos seráns dos campamentos e gravadas polo monitorado, dirixido aos rapaces e rapazas que gozan das súas vacacións nos campamentos xuvenís de verán da Xunta de Galicia.

Obxectivos

- Dinamizar o uso da lingua galega entre a mocidade e promover unha relación positiva dos rapaces e rapazas coa lingua propia de Galicia, incrementando a percepción do galego como unha lingua que é útil para os momentos de lecer e de diversión.
- Visibilizar o galego como lingua habitual de relación entre a xuventude.
- Fomentar a creatividade en lingua galega e promover a súa presenza en novos espazos e soportes, nomeadamente no audiovisual e nas TIC.
- Fomentar a participación e o traballo en grupo entre a xente moza.

Persoas destinatarias

Campacontos é un certame dirixido a todas as rapazas e rapaces que participan durante os meses de xullo e agosto de 2012 nos campamentos xuvenís de verán da Xunta de Galicia que se desenvolven dentro do territorio galego.

Características dos “campacontos”

1 Compoñentes: os “campacontos” deberán estar elaborados por grupos de cinco persoas: catro mozos/as e mais un monitor ou monitora. Os catros mozos/as encargaranse de elaborar a historia, interpretala nun serán ante o resto de compañeiros/as do campamento e, unha vez gravada polo monitorado, mandala ao enderezo campacontos@gmail.com . O monitor ou monitora encargaranse de supervisar que o contido da historia se axuste aos principios de decoro, respecto e non discriminación. Un mesmo monitor ou monitora pode ser supervisor/a de varios grupos de participantes.

2 Extensión e temática: os textos dos “campacontos” deben ter unha extensión máxima de 500 palabras. A temática dos “campacontos” é libre. Deberán estar redactados e interpretados en lingua galega.

3 Gravacións: as gravacións dos “campacontos” deberá realizalas un monitor ou monitora cun teléfono móbil, unha cámara de vídeo etc. Non superarán os 5 minutos de duración. Deberán ser lexibles en Youtube e ter unha calidade de son e de imaxe suficientes como para poder ser valorado de xeito óptimo polo xurado.

Criterios de valoración

Terase en conta o grao de elaboración do conto, a orixinalidade do tema escollido e a calidade da lingua. Tamén se terán en conta a interpretación e a posta en escena.

A organización do certame poderá desbotar aquelas historias cuxo contido sexa discriminatorio ou ofensivo.

Categorías

Categoría A (nados/as de 1999 a 2003)

Categoría B (nados/as de 1994 a 1998)

Premios

Establécense dous premios para cada unha das categorías de idade, dotados con mp4 que recibirán cada unha das persoas integrantes do grupo gañador:

Categoría A (nados/as entre 1999 e 2003):

- Premio ao mellor “campaconto”
- Premio á mellor interpretación

Categoría B (nados/as entre 1994 e 1998):

- Premio ao mellor “campaconto”
- Premio á mellor interpretación

Procedemento de participación

Unha vez que o grupo redactou o texto e interpretou a historia nun serán de campamento mentres un monitor ou monitora o gravaba, debe enviar o vídeo resultante ao enderezo campacontos@gmail.com, para o que se recomenda empregar un sistema de envío de gran capacidade, como Dropbox ou WeTransfer.

No corpo do correo deberán figurar os seguintes datos:

DATOS DO CAMPACONTO

Título

DATOS DO CAMPAMENTO

Nome do campamento:

Lugar:

DATOS PERSOAIS DE CADA UN DOS PARTICIPANTES

Nome e apelidos

Data de nacemento

Lugar de residencia

Teléfono de contacto

Correo electrónico de contacto

Prazo

O prazo para enviar as gravacións permanecerá aberto ata o 29 de agosto de 2012.

Xurado

O xurado estará conformado por dúas persoas nomeadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e outras dúas persoas nomeadas pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. A deliberación do xurado farase pública no mes de setembro.

Entrega de premios

Unha vez que o xurado elixa os “campacontos” gañadores haberá unha entrega de premios.

Dereitos de explotación

Só poderán presentarse ao concurso vídeos con imaxes de menores cuxos pais/nais/titores legais autorizasen a Consellería de Traballo e Benestar para gravar e difundir a imaxe dos menores durante as actividades do campamento de verán.

É requisito indispensable para participar no certame **Campacontos** cederlle á organización os dereitos de imaxe e de emisión.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado resérvanse o dereito de usar, difundir e publicitar todas as gravacións que participan no certame **Campacontos** co fin de promover e dinamizar a lingua galega entre a mocidade.

Aceptación das bases

A participación neste certame implica a plena aceptación destas bases. A organización resérvase o dereito de modificar e interpretar as bases deste certame sempre e cando sexa necesario para o seu bo desenvolvemento.

